



Xosé A. Touriñán (1980, Culleredo) é un actor, presentador, produtor e director con máis de 20 de anos de experiencia no sector.

O seus inicios no mundo da actuación remóntanse a 2002 con Os dous de sempre, dúo cómico que formou xunto a Marcos Pereiro. En 2005 comeza a súa carreira na TVG, onde coas Cantareiras de Ardebullo no programa 'Luar' consegue gran éxito de público. Touriñán convértese nun dos humoristas máis recoñecidos de Galicia, actuando en series e programas como 'Padre Casares', 'Air Galicia', 'Land Rober', 'Era visto!' e 'Catro Gatos' e tamén no cine co filme 'Cuñados'. En España destaca como actor nas series 'Fariña', 'Pequeñas coincidencias', 'Justo antes de Cristo', 'Antes de perder', 'El desorden que dejas' ou 'Sin Límites'.

Destaca a súa faceta sobre os escenarios, representando en teatros monólogos como 'Manolo Lojo', 'Monólogo do imbecil', 'Agora en serio' ou 'Aquí tou!' e espectáculos como 'Curtis & Teixeira', 'Amigos ata a morte' ou 'Unha noite na praia'. Recentemente colleitou un enorme éxito xunto a Carlos Blanco con 'Somos criminais' e cos espectáculos teatrais "Fariña" (2019) e 'Recortes, caneos e outras formas de driblar'.

Como presentador de televisión traballou en 'Botarse ao monte', 'Tourilandia' e, en TVE, en 'Rutas Bizarrras' con Marta Hazas.

No ano 2022 debuta na dirección cinematográfica coa curtametraxe 'Nena', que protagoniza el mesmo xunto á súa filla Antía.

Traballos como actor en audiovisual

- 'Perdelo todo' (2006)
- 'Días azules' (2006)
- 'Marta' (2006)
- 'A vida por diante' (2007)
- 'Efectos secundarios' (2007)
- 'Luar' (2008-2011)
- 'Padre Casares' (2008)
- 'Air Galicia' (2009)
- 'Botarse ao monte' (2009)
- 'Gala dos Premios Mestre Mateo' (2009)
- 'Land Rober' (2009-2011)
- 'Gala dos Premios Mestre Mateo' (2010)
- 'Era visto!' (2011)
- 'Un soño de nadal' (2011)
- 'Tourilandia' (2012-2013)
- 'A casa da Conexa' (2012-2014)
- 'Os fenómenos' (2014)
- 'Land Rober tunau show' (2015-2017)
- 'Buscando Ardebullo' (2016)
- 'Vidago Palace' (2017)
- 'Fariña' (2018)
- 'Pequeñas coincidencias' (2018-2020)
- 'Justo antes de Cristo' (2018-2020)
- 'El desorden que dejas' (2020)
- 'El club del paro' (2021)
- 'Cuñados' (2021)
- 'Rutas bizarras' (2021)
- 'Nena' (2022)
- 'Sin límites' (2022)
- 'Catro gatos' (2022)
- 'Amigos hasta la muerte' (2022)

Traballos como actor en teatro

- 'Manolo Lojo' (2015)
- 'Curtis & Teixeira' (2016)
- 'Monólogo do imbécil' (2017)
- 'Somos Criminais' (2018)
- 'Unha noite na praia' (2019)
- 'Fariña, o espectáculo teatral' (2019)
- 'Somos Criminais 3' (2021)
- 'Aquí Tou!' (2021)
- 'Recortes, caneos e outras formas de driblar' (2022)
- 'Corentena' (2023)

Traballos como produtor

- 'Manolo Lojo' (2015)
- 'Curtis & Teixeira' (2016)
- 'Monólogo do imbécil' (2017)
- 'Somos Criminais' (2018)
- 'Fariña, o espectáculo teatral' (2019)
- 'Pequeñas coincidencias' (2018-2020)
- 'Somos Criminais 3' (2021)
- 'Aquí Tou!' (2021)
- 'Catro gatos' (2022)
- 'MMRRSSMM... Xeosónica #1' (2022)
- 'Continente María' (2022)
- 'Recortes, caneos e outras formas de driblar' (2022)
- 'Nena' (2022)
- 'Códice K' (2023)
- 'Bechos' (2023)
- 'Nosoutras' (2023)

Premios e nomeamentos

- Finalista Premios Mestre Mateo a Mellor Comunicador (2011)
- Finalista Premios Mestre Mateo a Mellor Comunicador (2012)
- Finalista Premios Mestre Mateo a Mellor Comunicador (2013)
- Finalista Premios Mestre Mateo a Mellor Comunicador (2014)
- Finalista Premios Mestre Mateo a Mellor Actor Secundario (2014)

Enrique Mariñas 32G, 2º
15009 A Coruña
881 946 972 · ola@aine.gal

- Finalista Premios Mestre Mateo a Mellor Actor Protagonista (2018)
- Premio RIR Contigo (2021)
- Finalista Premios Mestre Mateo a Mellor Actor Protagonista (2022)
- Finalista Premios Mestre Mateo a Mellor Actor Protagonista (2023)